



Expediente IET: P-21-193
Proxecto: Parque eólico Campo das Rosas
Concellos: A Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro
(Pontevedra)
Promotor: Naturgy Renovables, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

O Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, solicita informe ao IET en relación á documentación presentada como alegación por unha particular ao parque eólico Campo das Rosas e a resposta da empresa promotora.

1. Antecedentes:

Con data do 26/05/2021 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) elaborado non se axustaba ao disposto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e no seu Regulamento. Así mesmo facíanse unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística.

Posteriormente con data do 09/07/2021 o IET emitiu un segundo informe no que se solicitaba unha análise máis detallada da incidencia visual dos aeroxeradores sobre elementos de interese recollidos no Catálogo das paisaxes de Galicia, e se indicaba que, de ser o caso, deberían adoptarse medidas para minimizar os impactos.

Con data do 08/11/2021 o IET emitiu un terceiro informe no que se consideraba, entre outros puntos, que catro dos oito aeroxeradores do parque terían incidencia visual sobre o lugar de interese paisaxístico (LEIP) Pazo de Monteagudo e puña de manifesto a disposición da empresa promotora a implantar pantallas vexetais como medida mitigadora, de acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, para reducir a visibilidade dende este lugar. Así mesmo considerábase que coas emendas introducidas no EIIP, o contido do mesmo axustábase ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).



De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Informe

Xunto coa alegación preséntase un estudo de visibilidade alternativo ao que contén o EIIP; nel amósanse montaxes fotográficas realizadas desde puntos diferentes aos escollidos no EIIP, para determinar o impacto visual sobre os bens catalogados (a casa e o hórreo). As novas fotografías e infografías deste estudo alternativo demostran unha maior incidencia visual sobre os citados casa e hórreo que o recollido no EIIP, se ben cómpre reiterar o xa apuntado nos anteriores informes do IET, nos que xa se puña de manifesto a incidencia visual de catro dos aeroxeradores do parque, os cales serán visibles en maior ou menor medida dependendo da situación dos potenciais observadores.

Cómpre sinalar que a afección non é directa sobre o LEIP Pazo de Monteagudo, no sentido de que as infraestruturas do parque eólico non interrompen a visión do mesmo, dada a posición relativa e a distancia existente (entre 1,3 e 2,5 km); trátase dun impacto sobre o fondo escénico provocado pola introdución de elementos alleos ao carácter da contorna.

Por outra banda, na documentación gráfica achegada xunto coa alegación non se inclúen montaxes fotográficas que amosen a incidencia visual sobre as esculturas dispostas en distintos puntos da parcela, un dos feitos destacados na motivación das alegacións presentadas. Atendendo á localización destes elementos e ás características da súa contorna inmediata, o impacto visual non sería elevado, posto que a presenza de arboredo minimiza, ou mesmo impide, a visión dos aeroxeradores.

Por conseguinte, cómpre ratificar as conclusións do anterior informe do IET emitido o 08/11/2021.

Cabe destacar, en todo caso, que consonte co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto, e entre elas deberá estar, no seu caso, a implantación de pantallas vexetais, como medida mitigadora para reducir a visibilidade dende os lugares citados, de acordo cos propietarios dos terreos onde se determine a execución das mesmas, segundo o compromiso manifestado pola empresa promotora na addenda ao EIIP.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

